



## Arantza Portabales: "Vivimos na era da comunicación e nunca tan sós estivemos, tan incomunicados"

[Montse Dopico](#) 4 de maio de 2018

<https://praza.gal/cultura/arantza-portabales-vivimos-na-era-da-comunicacion-e-nunca-tan-sos-estivemos-tan-incomunicados>

Catro mulleres que deixan mensaxes nun contestador. É o fío condutor de *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (Galaxia), a última novela de Arantza Portabales. Un monllo de voces en primeira persoa que se intercalan para irnos esfiañando, cada unha, a súa propia historia, nunha estrutura próxima aos microrrelatos autónomos. Mulleres que se confrontan a situacións límite das que van saíndo ao medrar, ao liberarse, cada unha ao seu xeito, das súas ataduras, facéndose máis fortes.

**Nada máis comezar a ler, coñecemos as catro protagonistas: Marina, Carmela, Sara e Viviana. As catro envían mensaxes a contestadores porque, por diversas razóns, precisan facelo. Como xorde a idea desas catro mulleres falando cun contestador?**

Xorde dun relato que fago cun blog no que participo frecuentemente. É ao facer ese relato cando me decato do descubrimento que me supón, como creadora, atopar unha voz narrativa que permite aos personaxes falar sen medo, sabendo que quizais non os escoiten. O contestador dá ás miñas mulleres ese punto de liberdade necesario para dotar de verdade e sinceridade as súas historias.

**A estrutura do libro, en pequenos capítulos nos que se intercalan as voces de cada unha das protagonistas, lembra un xénero que dominas ben: o microrrelato. A través destes capítulos curtos, imos descubrindo as historias das catro protagonistas e a relación entre elas. Cal pode ser a relación entre a estrutura desta novela e o microrrelato? É dicir, de que xeito o teu traballo co microrrelato puido levarte á escrita desta novela?**

Construír unha novela a base destas chamadas que en si mesmas constitúen case microrrelatos autónomos, deume a confianza para abordar unha novela longa, sen saír dun terreo que me é coñecido, o da narrativa breve. Non son unha autora de grandes descrições, nin que se recree nos detalles.

Supoño que esta novela é unha transición da microliteratura á novela longa, pero sen saír da miña zona de confort, dando o mellor de min mesma. Coido que un dos grandes atractivos da

novela é a intensidade das historias, que se debe precisamente á brevidade e concisión dos seus capítulos. O lector non ten acougo. Todo é importante e esencial.

**Na túa novela anterior, *Sobrevivindo*, a personaxe principal é tamén unha muller, que "loita contra si mesma e contra o mundo". Se cadra as catro protagonistas de *Deixe a súa mensaxe* tamén poderían definirse así, ou polo menos Viviana e Sara. Cal é a relación entre *Deixe a súa mensaxe* e *Sobrevivindo*?**

Sobrevivindo é a historia dunha muller que ten que reinventarse para saír adiante. É unha muller adiantada ao seu tempo. Forte e brava. Poderíase dicir que me lembra un pouco á Scarlett O'Hara de *Foize co vento*. Nese senso, as catro mulleres de *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, vense abocadas tamén a resolver o seu futuro de por si, son personaxes tremendamente valentes, porque como autora púxenos en situacións límite.

Dende o punto de vista técnico, podería dicirse en que en ambas as dúas novelas, a historia se lle presenta ao lector coma un crebacabezas que debe encaixar para entender a novela. Así mesmo destacaría que tanto Val Valdés en *Sobrevivindo* como as mulleres do contestador están moi soas. A soidade e a incomunicación son temas moi recorrentes na miña escrita.

**Carmela é, das catro personaxes, a maior en idade. A vida non lle deu, coma a moitas outras mulleres da súa xeración, moitas opcións de escolla. Mais é, das catro, a que ten as cousas, se cadra, máis claras. E o seu comportamento e decisións inflúen bastante no que lles pasa ás outras. É un pouco como o motor. Como é este personaxe? Que representa respecto das outras?**

Carmela foi sen dúbida o personaxe máis complexo de crear. Custoume atopar a súa voz narrativa. É a muller que máis lonxe está de min, por idade, formación... Non tomei como referente a miña nai, polo que me custou moito construílo. E non foi ata que rematei á novela que a profesora da USC, Laura Lojo, me fixo a reflexión de que Carmela se erixía coma a gran figura materna, exercendo unha maternidade subrogada fronte as outras tres mulleres.

Coido que se crean vínculos fermosos entre elas, especialmente entre Marina e Carmela. Gústame a mensaxe de que temos que escoitar aos nosos maiores. E tamén me gusta moito a relación simbiótica entre Carmela e as demais mulleres. Ela tamén aprende a ser unha muller distinta da man delas.

**Carmela comezou a ser máis libre despois da morte do seu home. Marina perdeu o seu home e ten que aprender, dalgunha maneira, a vivir por ela mesma e sen sentirse culpable. A nai de Sara tamén vive arredor do seu home... De distintas maneiras, as mulleres de *Deixe a súa mensaxe* van evolucionando nese sentido. Tornándose máis libres. Podería ser o tema do libro, a procura da liberdade a través dun proceso de aprendizaxe sobre nós mesmas?**

Cando comeza o libro todas elas están soas e confusas. Este libro pon en valor o poder da palabra e da comunicación. O contestador, o símbolo do poder das verbas fronte á soidade, ten moito de catarse. Vivimos na era da comunicación e nunca tan sós estivemos, tan incomunicados. Falamos entre nós moito menos do que falaban os nosos pais e avós. E as mulleres do meu libro están tan soas e teñen tanta necesidade de botar fóra o que levan dentro que acaban falando cunha máquina que se converte no seu nexa de unión coas persoas que aman.

**A través do personaxe de Viviana, a novela ofrece unha visión que poderíamos chamar desdramatizada da prostitución. Ten sorte de que a traten ben no lugar onde exerce. E ela mesma explica que alí son, dalgunha maneira, libres. Que onde non o son é fóra, onde as**

**circunstancias as levaron ao Xanadú. Como construíches este personaxe e por que decidiches presentalo así?**

Non pretendín facer unha novela sobre a prostitución. Viviana é o resultado da violencia exercida impunemente sobre a muller. Pero non quixen amosar unha muller destruída por ese abuso. Viviana decide libremente ser prostituta. Hai quen di que é unha visión amable da prostitución. No libro fálase de prostitutas que morren de sobredose, de clientes violentos, de mulleres que deixan atrás a súa familia e o seu país para prostituírse. Non atopo que estea tratado o tema con amabilidade.

Cousa distinta é que non me recrei en miserias, e é certo que a vida do prostíbulo non é o eixo central da historia de Viviana. Porque esta, repito non é unha novela sobre a prostitución. Mergullámonos na vida común dunha prostituta que tanto compra unha Thermomix como nos conta como se relaciona coa súa veciña do lado que ten oito anos. Viviana non é a Vivian de Pretty Woman. Ningún home virá rescatala.

**Tamén é interesante o personaxe de Sara, que é a que quizais vamos entendendo mellor, na súa condición de nena rica, ao avanzar a novela. Na súa relación co terapeuta -na que ela non acepta nunca un tipo de relación vertical- imos descubrindo que ten máis forza da que ela mesma pensaba. Se cadra é o personaxe que máis muda ao longo do libro. Por que?**

Sara é o personaxe que mellor representa o espírito da novela. O contestador sálvalle a vida. A Sara que comeza non é a Sara que remata tras esas trinta chamadas ao seu psicólogo. É, ademais, un personaxe complexo, co que os lectores non empatizan, precisamente polo seu esnobismo. Sara é o personaxe máis infeliz da novela, cando por definición é lóxica non debería ser así. E frívola, malcriada... pero ao mesmo tempo está terriblemente asustada. Gustoume acompañala neste viaxe de descubrimento de si mesma.

**Hai, na novela, achegamentos, apoio e descubrimento mutuo entre mulleres -moitas veces, despois de seren feridas por homes-. Poderíamos, se cadra, falar de sororidade, como dixo algún crítico. Mais tamén temos todo o contrario, representado polo personaxe da nai de Viviana. En que medida fai este personaxe de contrapunto desa sororidade que xorde por exemplo entre Carmela e Marina?**

Esta non é unha novela de mulleres boas e homes malos. Hai homes valentes e xenerosos. Hai homes desprezables que abusan de mulleres. Hai mulleres bravas. Hai mulleres mesquiñas. As miñas protagonistas teñen defectos. Moitos. Todo o mundo os ten. Pero é certo que o vínculo común entre elas é a necesidade de berrar a súa verdade, de afrontar unha situación límite, e fano a través de ese contestador, ao tempo que se apoian unhas nas outras, de aí esa sororidade da que falou a crítica.

A nai de Viviana para min representa o lado máis duro do abuso, o que estamos a ver agora tralo xuízo da manada, que é o silencio. Tralo abuso á muller, parece que o que toca é calar. Silencio. Isto non pasou. Non llo contes a ninguén. Que ese silencio viñese imposto pola nai da abusada, axuda a explicar a traxectoria vital de Viviana.

**Unha idea que está moi presente no libro é a mentira, o engano. Viviana é dúas mulleres, porque as circunstancias a levaron ata aí. Carmela ocúltalle a verdade ao seu fillo para protexelo. E as mentiras da súa propia familia arrincáranlle a ela a posibilidade de escoller. No caso de Marina, ela engana -non mente- pero, dalgunha maneira, tamén é enganada e traizoada ao non respeitar o seu home o pacto que tiñan. Que papel xoga a mentira no libro?**

O contestador dálle as catro mulleres a posibilidade de contar a súa verdade. As mentiras que as rodean son o contrapunto a esas verdades. Persoalmente, coido que todo o mundo mente moito. E ademais coido que non é necesariamente malo, na xusta medida. Enténdase esta reflexión como o dereito que todos temos a reservarnos cousas para nós. E non sempre é necesario contar verdades que feren e non aportan nada. Xa o di o refrán, que só os nenos, os borrachos e os tolos din a verdade.

**A procura do amor -e a loita contra a soidade-, non deixan de estar sempre por debaixo. Por que?**

O amor é moi importante nas nosas vidas. Está aí. Fannos crer que non estamos completos ata que temos unha persoa que nos ame incondicionalmente. Despois chega a vida e encárgase de amosarche que ese tipo de amor non é doado de atopar. Pero seguimos teimudos a buscalo incansablemente. Esa busca está reflectida na novela, pero non quixen amosar o amor como solución aos problemas das mulleres. Estas mulleres saen da súa problemática vital pero non grazas aos homes que as aman.

**A información que temos sobre os personaxes vains chegando dosificada, pouco a pouco, mantendo o interese e atención do lector. Hai algún xiro que nalgún momento pode parecer inverosímil, pero logo queda explicado, máis crible ou non. Como pensaches isto? Esa maneira de reter a atención do lector...**

O tema da verosimilitude hai tempo que deixou de preocuparme coma autora. Poño aos meus personaxes a situacións límite, seino, pero é que na vida real, atopo situacións moito máis increíbles ca estas. Ás veces ollo ao meu redor e penso “se conto isto nunha novela non mo cren”.

Porque o pacto co lector non se produce en función de que historia contas. Prodúcese por como están contadas as historias. Se o lector aprecia verdade no xeito de narrar, cre todo o que lle contas. Canta verosimilitude hai no feito de que Gregorio Samsa poida erguerse unha mañá convertido nunha cascuda? Chegaron a Marte os personaxes de Bradbury? Quen fala hoxe en día cun contestador? Se o lector te cre, o pacto é posible.

**Algo máis que queiras salientar? E saber se se cadra estás a escribir algún libro máis, porque xa pasou tempo desde a publicación deste.**

Dende a publicación da novela acometín a súa tradución, xa que acaba de publicarse en castelán da man da editorial Lumen. Tamén rematei unha novela, e estou co proceso de corrección. É unha novela negra ao uso. Necesitaba fuxir da intensidade emocional das mulleresdo contestador. De todos os xeitos teño que dicir que os personaxes quedáronme intensos e emocionalmente complexos. Vamos, como din as miñas amigas e lectoras cero: moi Portabales.